

5º PRIMARIA

CIENCIAS SOCIAIS

Ola rapaces!!! Esta semana imos repasar todo o que sabemos de España. Estadades preparados? Pois imos logo.

Estes días están a dicir nas noticias cales son as zonas de España con un maior índice de enfermidade polo coronavirus. Cales son as zonas máis poboadas de España?

Por que?

Entón que é iso da **densidade de poboación**?

A densidade de poboación é a mesma en toda España? Explica a túa resposta.

No seguinte mapa vas colorear as provincias segundo a densidade. Podes buscar esta información no tema 6.A poboación en España e Galicia.



Amarelo: menos de 20

Azul claro: de 20 a 80

Azul escuro: de 80 a 120

Verde: de 120 a 500

Vermello: máis de 500

OK, listo. Agora pensa, temos que quedar na casa TODOS, pero moita xente ten traballo. A poboación organízase segundo o traballo que desempregan. Como se divide a poboación española entón? Define cada grupo.

E como se divide a poboación activa? Define cada grupo.

Clasifica segundo a poboación activa ou inactiva os seguintes grupos: estudantes, amas de casa, campesiños, xubilados, traballadores de baixa temporal, parados.

POBOACIÓN ACTIVA	POBOACIÓN INACTIVA

Agora escolle dúas provincias e busca información sobre elas. Compara a poboación de cada unha e o tipo de traballo que predomina en cada unha delas.

Non sei si sabes que os agricultores están a axudar para matar este bicho que temos en España, grazas ós medios dos que dispoñen poden fumigar as calles. Pero, a que sector da economía pertencen? Primario, secundario ou terciario?

Cal é o seu traballo habitual?

Cres que o seu traballo é importante estes días que temos que quedar na casa?

Por que?

Agora pon dous exemplos de cada un dos sectores económicos:


Primario:

Secundario:

Terciario:

E antes de terminar imos traballar un pouco máis neste dos sectores económicos. Pensa en todo o que tes en Mondoñedo (cafeterías, talleres, colexio, centro médico...) e fai un listado deles e o sector ao que pertencen. Lembra que tamén hai xulgado.

Agora no seguinte exercicio explica o proceso que se produce e os distintos sectores polos que pasa hasta poder comer un pouco de queixo na casa.



E para finalizar, como se distribúen os sectores económicos en Galicia? Cal é o maioritario?